

## PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DOS TITULARES DE ESCOLA UNIVERSITARIA E COLABORADORES

A Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, estableceu que o profesorado permanente da Universidade deberá ter a condición de doutor. Ademais na súa disposición adicional segunda, apartado dous, dí que *“As Universidades establecerán programas tendentes a favorecer que os Profesores Titulares de Escolas Universitarias podan compaxinar as súas tarefas docentes coa obtención do título de doutor”*.

Actualmente a UDC ten 245 Profesores Titulares de Escola Universitaria e 84 profesores Colaboradores, coa seguinte distribución segundo a titulación:

TITULARES DE ESCOLA UNIVERSITARIA SEGUNDO TITULACIÓN	Nº
Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico	82
Doutor	47
Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro	116
TOTAL	245

COLABORADORES SEGUNDO TITULACIÓN	Nº
Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico	12
Doutor	12
Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro	60
TOTAL	84

A UDC xa ten equiparado a capacidade máxima docente dos Titulares de Escola Universitaria e Colaboradores doutores cos Titulares de Universidade, Catedráticos de Universidades en profesores contratados doutores en 220 horas anuais.

Para favorecer a promoción dos profesores Titulares de Escola Universitaria e Colaboradores, así como a realización da tese de doutoramento, propóñense as seguintes medidas:

1. O acceso directo ao corpo de Titulares de Universidade nas súas propias prazas de **TODOS** os titulares de escola universitaria que se acrediten especificamente no marco previsto polo artigo 57.

Creación das correspondentes prazas de Titulares de Universidade, para todos os Colaboradores acreditados que o soliciten.

2. Convocatoria de 20 licenzas por curso académico que permitan durante un cuadrimestre a dedicación á realización ou finalización da tese de doutoramento de todos aqueles Titulares de Escola Universitaria e Colaboradores que a teñan inscrita.
3. Convocatoria de 10 licenzas cada curso académico que permitan durante un cuadrimestre completar a súa formación académica para poder iniciar a realización dunha tese de doutoramento.

As solicitudes presentaranse antes do 23 de xuño de cada ano (2008, 2009, 2010) ante a Vicerreitoría de Profesorado, e serán resoltas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado, que as someterá ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

Para as licenzas do apartado 2 deberá presentarse:

- Currículum Vitae
- Xustificación de ter inscrita a tese de doutoramento e informe do director do estado da realización. Darase prioridade as teses que estean relacionadas coa rama de coñecemento no que o candidato exerce a súa actividade docente
- Aceptación do centro de acollida, no caso da realización fóra da UDC.

Para as licenzas do apartado 3 deberá presentarse:

- Currículum Vitae
- Preinscripción ou copia da matrícula de cando menos 60 créditos de posgrao. Darase prioridade aos estudos relacionados coa rama de coñecemento no que o candidato exerza a súa actividade docente.

O número de prazas poderá aumentarse no caso de que non se necesite contratación de profesores substitutos. De quedar vacantes nun dos programas poderán acumularse noutro programa sen superar o número total de 30.

Durante as licenzas os profesores percibirán o 100% das súas retribucións.

Ao final do mes de setembro do curso de participación no programa, cada beneficiario entregará á COAP informe sobre a elaboración da tese de doutoramento visto e prace do director, ou informe detallado da actividade formativa levada a cabo durante o curso, dos seus obxectivos e os seus logros.

A comisión poderá solicitar información documental complementaria do traballo realizado e contar con asesores externos para a avaliación tanto dos informes previos como dos posteriores á concesión.

Como norma xeral, só se poderá participar unha vez en cada modalidade do programa. Non obstante, poderá solicitarse unha segunda vez, condicionado a que queden vacantes nesa convocatoria e a ter informe favorable da COAP sobre o traballo realizado na convocatoria anterior. Asimesmo, de quedar vacantes nalgún dos programas poderá realizarse outra convocatoria antes do inicio do 2º cuatrimestre.